



REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 30 DE AGOSTO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproba a modificación dos estatutos do Consorcio Comarcal contra Incendios e Salvamento da Limia
- Decreto polo que se aproba a modificación dos estatutos do Consorcio para o Servizo contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se dispón que cese Julia María Carmen Chamosa Martín como presidenta do Xurado de Expropiacións de Galicia

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea presidente do Consello Social da Universidade de Vigo a Emilio Atrio Abad

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Universidade Complutense de Madrid para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.
- Acordo polo que se autoriza o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Universität Trier, para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a *Sveučilište u Zadar*, para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e a Christian-Albrechts-Universität zu Kiel, para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, e o Concello de Castro Caldelas para realizar as obras de pavimentación e servizos urbanos de prazas e rúas no contorno inmediato do castelo (2ª fase).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción da cláusula adicional 4ª ao concerto do 29 de abril de 2007, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Congregación do Santo Hospital Caridade de Ferrol, do que depende o Hospital Juan Cardona, pola que se fixa a actividade sanitaria para o ano 2007
- Acordo polo que se autoriza o gasto para a contratación correspondente á obra de actuación nas fachadas do Hospital Médico e Cirúrxico de Conxo en Santiago de Compostela por un importe de seis millóns novecentos vinte e un mil cincocentos nove euros con corenta e oito céntimos (6.921.509,48 €)
- Acordo de autorización para a aceptación da cesión dunha parcela de 3.713,79 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Arteixo a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun centro de saúde.



CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo de autorización para a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Federación Galega de Confrarías para o ano 2007, por importe de 300.000 euros

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Guarda para a execución da obra: " Outras actuacións. Mellora das redes de abastecemento. Depósitos de regulación na Guarda. A Guarda (Pontevedra)", clave OH.236.741, por importe de novecentos oitenta e cinco mil euros (985.000,00 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello de Folgoso do Courel, para a adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro RSU, por importe de douscentos trinta e tres mil setecentos vinte e nove euros e un céntimo (233.729,01 euros)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible co Concello da Coruña, para a construción de tres illas de contedores subterráneos nas rúas Barrera, San Nicolás e na praza do Humor, por importe de cento corenta e nove mil oitocentos catro euros con trinta e oito céntimos (149.804,38 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Arteixo, para a construción da obra de "Nova estación de bombeo en Bens. A Coruña – Arteixo (A Coruña)", de clave OH.315.714, por importe dun millón trescentos vinte e seis mil cento dezanove euros con corenta e oito céntimos (1.326.119,48 euros).
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia cos concellos de Carral e Abegondo para a execución da obra: "Actuacións de saneamento na comunidade autónoma. Colectores xerais e nova estación depuradora de augas residuais de Carral. Carral e Abegondo (A Coruña)", clave OH.315.726, por importe de 2.975.756,47 euros.
- Acordo polo que se autoriza o gasto relativo ao contrato de concesión de obra pública para a "Redacción do proxecto, construción e explotación dos colectores xerais e EDAR de Baiona (Pontevedra)", de clave OH.336.592, por importe de 24.970.111,82 euros.



- Acordo polo que se autoriza o gasto relativo ao contrato de concesión de obra pública para a "Redacción do proxecto, construción e explotación dos colectores xerais e EDAR de Esteiro. Muros (A Coruña)", de clave OH.315.556, por importe de 7.012.355,97 euros.

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se lle autoriza á Consellería de Traballo a modificación dos compromisos de gasto de carácter plurianual establecidos na Orde do 8 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da Memoria de actividades do Consello Consultivo de Galicia, correspondente ao ano 2006, segundo o establecido no artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do gasto investido en 10 concellos das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, así como en actuacións acometidas en varias estradas de titularidade autonómica nas provincias de Coruña e Pontevedra.



A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE MODIFICAN OS ESTATUTOS DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS DA LIMIA

- A modificación destes estatutos ten por obxectivo acadar un aforro orzamentario e axilizar o funcionamento do consorcio

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se modifican os estatutos do consorcio contra incendios e salvamento da comarca da Limia, constituído mediante o Decreto 390/2005, que integra os concellos de Vilar de Santos, Vilar de Barrio, Sandiás, Sarreaus, Xinzo de Limia, Trasmiras, Os Blancos, Porqueira, Calvos de Randín, Rairiz de Veiga e Baltar.

A modificación destes estatutos ten por obxectivo acadar un aforro orzamentario e axilizar o funcionamento do consorcio. Polo tanto, a modificación afecta o artigo 14 dos estatutos deste consorcio, que regula a figura do xerente.

Así, en relación á figura do xerente, establécese que a Xerencia é o órgano administrativo ao cal lle corresponde realizar a xestión ordinaria dos asuntos de competencia do Consorcio, baixo a dirección e dependencia do seu presidente. O xerente será considerado persoal eventual, sen prexuízo de que se poida clasificar nunha das categorías previstas na normativa que regula o persoal ao servizo das administracións públicas se así o acorda o Pleno. Admítese tamén a agrupación con outro ou con outros consorcios para o sostemento en común dun único posto de xerente.



A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE MODIFICAN OS ESTATUTOS DO CONSORCIO CONTRA INCENDIOS DE VERÍN

- A modificación ten por obxectivo dar entrada aos representantes de todos os concellos consorciados no Pleno do consorcio e acadar un aforro orzamentario

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se modifican os estatutos do consorcio para o servizo contra incendios e salvamento da comarca de Verín, constituído mediante o Decreto 288/2000, que integra os concellos de Riós, Laza, Verín, Cualedro, Monterrei, Oímbra, Castrelo do Val e Vilardevós.

A modificación destes estatutos ten por obxectivo dar entrada aos representantes de todos os concellos consorciados no Pleno do consorcio e acadar un aforro orzamentario. Polo tanto, afecta os artigos 9 e 14 dos estatutos deste consorcio, que regulan o Pleno e a figura do xerente, respectivamente. Deste xeito, o Pleno do consorcio, que é o seu máximo órgano colexiado, estará integrado por un representante da Deputación Provincial de Ourense -designado por esa institución-, un representante da Xunta designado pola Consellería de Presidencia e con competencias en materia de Administración local e un representante de cada un dos concellos consorciados –elixido cada un polo Pleno do concello-.

Co obxectivo de manter unha composición paritaria deste órgano de goberno, os representantes da Xunta e da Deputación disporán, cada un deles, do mesmo número de votos que a totalidade dos representantes das restantes entidades locais.

Os representantes das distintas administracións consorciadas renovaranse cada vez que así o fagan os cargos das administracións consorciadas como consecuencia da celebración de eleccións ou outros cambios que así o fagan necesario.

Ademais, ao Pleno asistirán, con voz pero sen voto, o funcionario que desempeñe as funcións de secretario e interventor do consorcio e o xerente do consorcio. Tamén se poderán convocar, con voz pero sen voto, os responsables técnicos e membros de administración ou de entidades públicas ou privadas que se xulguen oportunas se así o pide a maioría dos membros con voto do Pleno do consorcio.

En relación á figura do xerente, establécese que a Xerencia é o órgano ao cal lle corresponde realizar a xestión ordinaria dos asuntos de competencia do Consorcio, baixo a dirección e dependencia do seu presidente. O xerente será considerado persoal eventual, sen prexuízo de que se poida clasificar nunha das categorías previstas na normativa que regula o persoal ao servizo das administracións públicas se así o acorda o Pleno. Admítese tamén a agrupación con outro ou con outros consorcios para o sostemento en común dun único posto de xerente.



EMILIO ATRIO ABAD SERÁ RENOVADO NO SEU POSTO DE PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- Atrio Abad desempeña este cargo desde o ano 2003

O Consello da Xunta vén de aprobar a renovación de Emilio Atrio Abad no seu posto de presidente do Consello Social da Universidade de Vigo, tarefa que leva desenvolvendo desde 2003.

Emilio Atrio Abad naceu en Ourense en 1932. Licenciado en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, comezou a exercer a profesión de avogado en Ourense. Primeiro foi deputado 1º do Illre. Colexio de Avogados de Ourense e logo decano desde 1985 ata 1995. Foi membro fundador do Consello Xeral da Avogacía Galega. En 1989 recibe do Ministerio de Xustiza a Cruz de Honor de San Raimundo de Peñafort e en 2005 foi galardoado coa Medalla de Prata de Galicia polos seus méritos ao servizo da Comunidade.

A Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia (SUG), establece que o presidente do Consello Social deberá ser designado polo presidente da Xunta de Galicia entre personalidades da vida cultural, económica, social, laboral e profesional non pertencentes á comunidade universitaria por proposta do conselleiro competente en materia universitaria, logo de comunicarllo ao reitor da universidade.

Cada mandato na presidencia dos consellos sociais universitarios ten unha duración de catro anos e pode ser renovado só unha vez. O primeiro mandato de Atrio Abad comezou en 2003 e expira este mesmo ano, polo que se procede á súa renovación.



POLÍTICA LINGÜÍSTICA COLABORARÁ COAS UNIVERSIDADES DE ZADAR E KIEL PARA PROMOVER O ENSINO DA LINGUA E CULTURA GALEGAS

- A Secretaría Xeral de Política Lingüística incorpora novos destinos en Alemaña e Croacia á rede de lectorados e renova a colaboración coa Universidade Complutense de Madrid e a de Trier
- A comezos de 2008 haberá 35 lectores de lingua e cultura galegas no exterior e 46 centros de estudos galegos

A Secretaría Xeral Política Lingüística incorpora dous novos lectorados á súa rede exterior de difusión da lingua e cultura galegas. As universidades de Kiel en Alemaña e a de Zadar en Croacia inclúen desde este curso o ensino da lingua galega nos seus plans de estudos. O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre o Goberno galego e estas universidades, ademais de renovar a colaboración que xa viñan mantendo coa Complutense de Madrid e a de Trier (Alemaña).

Política Lingüística ten como unha das súas liñas principais de actuación a promoción do galego no exterior. Con este obxectivo subscribíense convenios con aquelas universidades de prestixio que estean interesadas en incluír nos seus plans de formación a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

Ao abeiro destes convenios, as universidades de destino comprométese a establecer ou a darlle continuidade ao ensino da lingua e cultura galegas, a organizar actividades relacionadas coa investigación e a promoción do galego, tales como conferencias, seminarios ou congresos, tanto no ámbito universitario coma na súa área de influencia.

Os lectores que se incorporen aos novos destinos de Kiel e Zadar non serán considerados bolseiros, senón que terán unha relación laboral, a través dun contrato, coas universidades. Ao mesmo tempo, na nova andaina de renovación da colaboración coa Universidade Complutense de Madrid tamén se establece o compromiso de contratar o lector como profesor visitante.

Rede de lectorados

Aos novos lectorados de Kiel e Zadar sumaráselles proximamente o de San Paulo. A comezos de 2008, a rede exterior de difusión do galego contará con 35 lectores de lingua e cultura galegas e con 46 centros de estudos galegos.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 260.000 EUROS NA URBANIZACIÓN DE PRAZAS E RÚAS NO CONTORNO DO CASTELO, EN CASTRO CALDELAS

- O convenio entre a CPTOPT e o Concello terá como obxectivo pavimentar o contorno coñecido como Cima de Vila

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a CPTOPT e o Concello de Castro Caldelas para a urbanización do contorno do castelo. A través deste convenio a CPTOPT achegará un total de 262.527,65 euros repartidos en dúas anualidades para acometer obras de pavimentación en prazas e rúas do núcleo histórico de Castro Caldelas.

A zona onde se realizarán as obras comprende a praza do Mercado, a rúa dos Dormiños, a rúa do Poniente, a rúa do Maxistrado Domingo Cortón e rúa Grande, situadas nunha zona estratéxica dentro do núcleo histórico preto das murallas do castelo. O contorno precisa de reformas na maioría dos espazos públicos da zona. As actuacións permitirán recuperar un conxunto histórico emblemático e mellorarán as necesidades da poboación e a imaxe da vila. O ámbito urbano, denominado como Cima de Vila caracterízanse por rúas estreitas con pouca pendente para as cales se proxecta unha pavimentación que permita ampliar as prestacións e mellorar os servizos urbanos.

A CPTOPT financiará a execución das obras e levará a contratación, dirección, xestión e recepción delas segundo o descrito no proxecto. Pola súa parte, o Concello de Castro Caldelas realizará todos os documentos técnicos necesarios para a definición das obras e porá á disposición de Política Territorial os terreos necesarios para a execución das obras. Ademais tramitará os permisos e as licenzas regulamentarios. Unha vez rematadas as obras, o concello asumirá a explotación e conservación delas.



EDUCACIÓN E A FUNDACIÓN EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN NAS ENSINANZAS DE FP

- A Administración educativa destina máis de 30.000 euros para dar continuidade á impartición das ensinanzas do ciclo medio Fabricación a medida e instalacións de carpintaría e moble

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada en virtude do cal se establece a prórroga do convenio para o curso académico 2007/2008 en canto á colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional, e especialmente nas da familia da madeira e moble.

O departamento educativo galego investirá un importe máximo de 30.050 euros no curso escolar 2007/2008 repartido en dúas anualidades, 12.020 euros en 2007, e 18.030 euros na anualidade 2008, nos cales se prevén os gastos de funcionamento dos centros que imparten ciclos formativos.

Coa sinatura desta addenda preténdese dar continuidade ao convenio asinado no ano 2005, mantendo as condicións de colaboración establecidas, e fixar os gastos ordinarios específicos de funcionamento para o desenvolvemento das ensinanzas da familia profesional madeira e moble, en concreto ao ciclo formativo de grao medio Fabricación a medida e instalación de carpintaría e moble, para o curso escolar 2007-2008.

Estas ensinanzas impártense compartidamente nas dependencias do IES Antón Losada Diéguez da Estrada e nas da Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, que conta cunhas instalacións adecuadas para a impartición das ensinanzas obxecto do convenio.



O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE AMPLÍA EN 1.593.686 EUROS O IMPORTE DESTINADO Á ATENCIÓN DOS PACIENTES DA ÁREA DE FERROL QUE DEBAN SER DERIVADOS AO HOSPITAL JUAN CARDONA

- Este centro hospitalario recibirá un total de 12.753.000 euros neste ano 2007

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a ampliación en 1.593.686 euros o importe destinado á prestación sanitaria aos usuarios e usuarias protexidos polo Servizo Galego de Saúde na área sanitaria de Ferrol e que deban ser derivados ao Hospital Juan Cardona. Este centro recibe así para este ano 2007 un total de 12.753.000 euros.

A sanidade pública galega ten asinado desde o 29 de abril de 2005 un concerto singular coa Fundación Congregación do Santo Hospital de Caridade de Ferrol, da cal depende o Hospital Xeral Juan Cardona.

Este acordo define a prestación sanitaria que este hospital se compromete a proporcionar, a contraprestación económica que recibirá por estes servizos e as bases de relación do dito centro co Servizo Galego de Saúde en materia de reclamacións, listas de espera e comisións de seguimento do concerto, garantindo a planificación dos recursos sanitarios segundo os criterios de necesidade dos pacientes.



A SANIDADE PÚBLICA GALEGA INVISTE SETE MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA FACHADA DO HOSPITAL DE CONXO, EN SANTIAGO

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o investimento necesario para a realización das obras de mellora da fachada do Hospital Médico-Cirúrxico de Conxo, pertencente ao Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

O Servizo Galego de Saúde vai destinar a estas obras de reforma integral que serán adxudicadas polo procedemento de concurso aberto, un investimento total de 6.921.509,48 euros, repartidos en tres anualidades: 1.384.301,90 euros este ano, 4.152.905,68 euros no ano 2008 e 1.384.301,90 en 2009. O prazo de execución desta obra será de 20 meses.

A autorización deste investimento complementa o grande esforzo investidor que se está a realizar o Servizo Galego de Saúde no centro de Conxo desde o pasado ano. De feito, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela está a experimentar a remodelación en infraestruturas máis fonda desde a inauguración do Hospital Clínico Universitario, cunha achega da Sanidade pública galega de 11 millóns de euros.

Así, o Hospital Médico-Cirúrxico de Conxo ten en marcha a renovación das instalacións de toda a fontanaría que conta cun orzamento de 800.000 euros. Por outra banda, o pasado mes de xullo comezaron as obras de ampliación e modernización do Bloque Cirúrxico e da Central de Esterilización deste centro, cun custo de 4.300.000 euros, sen contar tecnoloxía, e que estarán finalizadas en nove meses.



O FUTURO CENTRO DE SAÚDE DE ARTEIXO EMPRAZARASE NUNHA PARCELA DE MÁIS DE 3.000 METROS CADRADOS NO LUGAR DE AGUCEIRA (VILARRODÍS)

- O novo centro contará con nove consultas distribuídas na área de medicina xeral, área de pediatría e na unidade de fisioterapia
- O Servizo Galego de Saúde ten un orzamento estimado de 1,3 millóns de euros para o futuro centro de saúde de Aguceira, que terá unha superficie construída de 1.225 metros cadrados
- A Sanidade pública galega está a construír 23 novos centros de saúde, está a facer importantes reformas noutros 39 centros, e ten en marcha un plan de adecuación de infraestruturas en Atención Primaria que en dous anos beneficia a outros 194 centros

O Consello da Xunta de Galicia de hoxe autorizou á cesión dunha parcela de 3.713,79 metros cadrados, feita a título gratuito polo Concello de Arteixo (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde, con destino á construción dun novo centro de saúde na localidade. A Sanidade pública galega

O predio está situado no lugar de Aguceira (Villarrodís), no concello de Arteixo, e encóntrase libre de cargas e gravames.

O investimento estimado para a construción é de preto de 1,3 millóns de euros para unha superficie de 1.225 metros cadrados construídos, e o orzamento de redacción do Proxecto Básico e de Execución é de 42.800 euros.

Este novo centro complementará a asistencia que se está a prestar neste concello e contará cunha área de medicina xeral, unha área de pediatría, áreas clínicas comúns, unidade de fisioterapia, e áreas comúns.

Por áreas, a de medicina xeral contará con seis consultas (tres de medicina e tres de enfermaría); a de pediatría con outras dúas (unha de pediatra e outra de enfermaría); e a unidade de fisioterapia contará cunha consulta, unha sala e zona de vestiarios para os pacientes.

Ademais, na área clínicas comúns distribuiranse tres salas para extraccións, diagnóstico e tratamentos, e unha sala técnica. No resto do centro haberá zonas comúns dedicadas a postos de administración, arquivo de historias clínicas, sala de xuntas, despachos e almacéns de material.

O concello de Arteixo conta con 25.637 cidadáns con tarxeta sanitaria residentes no municipio, que actualmente reciben asistencia nos centros de saúde de Arteixo e no



consultorio de Meicende, e a atención urxente no Punto de Atención Continuada de Arteixo.

O de Arteixo é un dos 23 novos centros de saúde que o Servizo Galego de Saúde está a construír. A Sanidade pública galega está tamén a facer importantes reformas noutros 39 centros; e ten en marcha un plan de adecuación de infraestruturas en Atención Primaria que beneficiou a 100 centros no ano 2006, e que prevé reformas e melloras noutros 94 neste mesmo ano.

A estimación de investimento para todas estas melloras infraestruturais ascende a preto de 34 millóns de euros. Esta cifra dá conta do pulo que se lle está a dar a Atención Primaria posto que só no presente ano 2007, hai un investimento previsto en execución de obras de 23.717.076 euros. O gasto total pechado nesta mesma materia no ano 2006 foi de 9.977.272 euros.



PESCA PROMOVE UNHA ANÁLISE DAS TENDENCIAS PESQUEIRAS COMO BASE PARA FORMULAR ACTUACIÓNS QUE POTENCIEN UN USO SUSTENTABLE DOS RECURSOS

- A conselleira de Pesca informou esta mañá o Consello da Xunta desta acción que se realizará a través dun convenio asinado coa Federación Galega de Confrarías

A conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos informou hoxe, na xuntanza semanal do Consello da Xunta, dunha iniciativa que vai poñer en marcha o seu departamento, consistente nunha análise das tendencias da pesca como base para a formulación de políticas de promoción e comercialización dos produtos pesqueiros e marisqueiros que potencien a conservación e utilización sustentable dos recursos.

Neste eido, cabe sinalar que Pesca ten asumido como actividades propias a mellora dos produtos pesqueiros, sobre todo daqueles procedentes da pesca artesanal e do marisqueo, cuxa extracción sexa responsable. Para facer isto posible, o departamento autonómico precisa coñecer unha serie de elementos que permitan analizar as tendencias do sector extractivo, transformador e comercializador, sendo o propio sector o directo beneficiario do incremento da rendibilidade do esforzo pesqueiro que como fin xeral se pretende con esta actuación.

En vista da importancia de que o propio sector sexa o impulsor desta iniciativa, esta será desenvolvida pola Federación Galega de Confrarías ao amparo dun convenio de colaboración entre este organismo e a administración pesqueira galega, e para o cal a Consellería achegará 300.000 euros. Deste xeito, entre as accións que levará a cabo a Federación están: promover operacións pesqueiras responsables, colaborar co departamento autonómico na planificación e ordenación pesqueiras e na aplicación de prácticas de comercialización e propoñer solucións que permitan un mellor desenvolvemento do sector. Ademais, está obrigada a presentar ante Pesca unha memoria descritiva das accións realizadas.

Para velar polo cumprimento do devandito convenio creárase unha comisión de seguimento deste, que estará integrada polo director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca e o secretario xeral de Federación. Ademais, cabe sinalar que este acordo estará vixente ata o vindeiro 17 de decembro, ben que poderá ser prorrogado.



A XUNTA APROBA O INVESTIMENTO DE 38,6 MILLÓNS DE EUROS PARA A CONSTRUCCIÓN DAS DEPURADORAS DE BAIONA, MUROS E CARRAL-ABEGONDO, COAS QUE XA SON 10 AS EDARES LICITADAS POLO GOBERNO GALEGO NO QUE VAI DE ANO

- A administración autonómica aprobou a metade das estacións de augas residuais que a Consellería de Medio Ambiente vai licitar neste ano, 20 en total, para cumprir coa obriga de depurar as augas residuais das poboacións de máis de 2.000 habitantes
- Os proxectos aprobados hoxe inclúen redacción do anteproxecto e proxecto, a execución das obras e a explotación e mantemento das instalacións, que tratarán as augas residuais dunha poboación total de 49.000 habitantes
- A actuación máis custosa das aprobadas hoxe é a de Baiona (Pontevedra), que conta cun orzamento de 28.320.851 euros e un prazo de execución de 21 meses para a construción dos colectores, estación de bombeo e Edar
- As localidades coruñesas de Abegondo e Carral compartirán depuradora e disporán de novas redes de saneamento, mediante a execución dunhas obras que concluirán en 14 meses e terán un custo de 2.975.756 euros
- En Muros, na provincia da Coruña, construírse a terceira das depuradoras aprobadas hoxe e a súa correspondente rede de colectores. Os traballos teñen 15 meses de prazo de execución e un orzamento de 7.384.634 euros

O Goberno galego deu luz verde hoxe ao investimento que permitirá a construción de tres novas depuradoras, dúas nas provincia da Coruña: as de Muros e Carral-Abegondo; e unha na de Pontevedra: Baiona. Estas novas infraestruturas súmanse á xa licitadas pola administración autonómica no que vai de ano e que permiten acadar a metade (10) das previstas no Plan de saneamento promovido pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, coa finalidade de lle dar cumprimento á normativa europea que obriga a depurar as augas residuais das poboacións de máis de 2.000 habitantes. Segundo o citado plan, o departamento autonómico licitará 20 depuradoras ao longo deste 2007.

A día hoxe estaban xa licitadas sete plantas, catro delas na provincia da Coruña (Arzúa, Bergondo, Fisterra e Santiago (Aríns)); ademais da Edar do Carballiño, en Ourense; a de Xove, en Lugo, e a de Catoira, na provincia de Pontevedra. A estas hai que sumar as tres aprobadas hoxe, co cal serían 10 as depuradoras licitadas no que vai de ano, e quedarían por autorizar dez máis, que están pendentes da posta á disposición dos terreos por parte dos concellos para a súa ratificación dentro deste exercicio.

No que respecta ás actuacións aprobadas no Consello da Xunta celebrado hoxe, cómpre sinalar que todas inclúen a redacción dos anteproxectos, proxectos e



execución das obras, así como a explotación e o mantemento das instalacións por un período de 20 anos –cada unha- nos casos de Baiona e Muros e de 12 na que compartirán os concellos de Carral e Abegondo. As novas depuradoras terán capacidade para tratar as augas residuais dunha poboación de 36.000 habitantes no caso de Baiona, 5.500 no de Muros e 8.000 no de Carral e Abegondo.

Baiona (Pontevedra)

As obras proxectadas na localidade pontevedresa de Baiona inclúen a construción dunha rede de colectores e unha depuradora. A nova planta terá capacidade para tratar as augas residuais dunha poboación de 36.000 habitantes equivalentes, cun caudal medio de 7.313,76 metros cúbicos ao día. As obras inclúen tamén a realización de varias actuacións de mellora na estación de bombeo situada no paseo marítimo da vila, a execución dunha impulsión desde este ata Baredo, punto en que se construírá un colector e unha estación de bombeo, que conectarán coa futura depuradora.

A actuación conta cun orzamento de 28.320.851 euros, no cal se inclúe a redacción do proxecto (para o que se contará cun prazo de tres meses), a execución das obras en 18 meses e a explotación e o mantemento das instalacións por un período 20 anos á empresa concesionaria.

Muros (A Coruña)

No caso do concello coruñés de Muros, as actuacións aprobadas prevén a execución dunha serie de colectores perimetrais que recollerán a auga cara a uns pozos de bombeo, que a conducirán, mediante impulsión, á nova depuradora. Pola súa banda, a estación de augas residuais, situada no lugar de Esteiro, contará cun sistema consistente nun tratamento para dar cobertura a 5.500 habitantes equivalente, cun caudal medio diario de 1.157 metros cúbicos.

O prazo de execución deste proxecto é de 15 meses, dos cales 3 serán para a redacción do proxecto e 12 para a realización das obras, aos que hai que engadir a explotación e o mantemento das instalacións por un período de 20 anos.

Carral e Abegondo (A Coruña)

O terceiro dos proxectos de depuración aprobados hoxe polo Goberno galego desenvolverase tamén na provincia da Coruña, e máis concretamente serán beneficiarios del os concellos de Abegondo e Carral. Trátase da construción da nova estación de augas residuais e a correspondente rede de colectores, que compartirán ambas as localidades e coa cal se dará servizo a unha poboación de 8.000 habitantes, mediante pretratamento para a metade e a través de sistema primario, secundario e terciario de depuración para os catro mil restantes.



As actuacións prevén a construción dunha rede de saneamento asociada á nova depuradora, que inclúe un colector en Reboredo, unha estación de bombeo en Aquelabanda, así como diversos colectores en ambos os termos municipais. A depuradora, que se instalará en Carral, ten por obxecto solucionar os problemas de saneamento da bacía do río Barcés, pertencente aos concellos de Abegondo e Carral. O proxecto conta cun prazo de execución de 14 meses, dous para a redacción do proxecto e un ano para a realización dos traballos, aos que hai que engadir 12 meses máis de explotación das instalacións.



MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ A MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO DO CONCELLO DA GUARDA (PONTEVEDRA) COA INSTALACIÓN DE DEPÓSITOS DE REGULACIÓN CUNHA ACHEGA DE 985.000 EUROS

- A obra estará financiada nun 80% pola Consellería de Medio Ambiente e nun 20% polo Concello da Guarda
- Os novos depósitos disporán dunha capacidade de 3.000 metros cúbicos cada un, o que mellorará considerablemente a capacidade dos actuais, de 300 e 2.700 metros cúbicos respectivamente

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través da Administración hidráulica, acometerá obras de mellora das redes de abastecemento do concello pontevedrés da Guarda, coa instalación de depósitos de regulación por un importe de 985.000 euros. O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre a Consellería e o Concello para acometer este proxecto, que será financiado nun 80% polo departamento que dirixe Manuel Vázquez, e no 20% pola administración local.

Deste xeito, a Consellería de Medio Ambiente investirá 788.000 euros neste proxecto, o 80% do custo total, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH). O financiamento repartirase en dúas anualidades, correspondendo 78.800 euros á de 2007 e 709.200 euros á de 2008. Pola súa parte, o Concello da Guarda asumirá o 20% do custo da obra, mediante dúas achegas de 98.500 euros nos anos 2007 e 2008.

A mellora da rede de abastecemento realizarase mediante a construción de dous depósitos de regulación de auga, cunha capacidade de almacenamento de 3.000 metros cúbicos cada un. Estes novos depósitos ampliarán considerablemente a capacidade dos existentes na actualidade; un deles cunha capacidade de 300 metros cúbicos e que ademais está fóra de servizo, e outro de 2.700 metros cúbicos.

O proxecto ten un prazo de execución de 12 meses, e completarse coa instalación de ventosas na rede de adición, a comprobación do estado das válvulas e a colocación de peches de seguridade nos pozos de rexistro, ademais da demolición dos depósitos actuais, que serán substituídos polos novos.



MEDIO AMBIENTE DESTINA PRETO DE 234.000 EUROS Á CLAUSURA DE DOUS VERTEDOIROIS DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL (LUGO)

- Esta actuación enmárcase no programa de rexeneración de espazos degradados incluído no Plan xeral de residuos sólidos urbanos, que ten como obxectivo resolver o problema sanitario e ambiental que xera a acumulación dos residuos

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destina 233.729 euros á adecuación, selaxe e clausura de dous vertedoiros de residuos sólidos urbanos no concello de Folgoso do Courel (Lugo). O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e económica entre a administración autonómica e a local para executar o proxecto, que será financiado na súa totalidade polo departamento que dirixe Manuel Vázquez.

Esta actuación enmárcase no programa de rexeneración de espazos degradados incluído no Plan xeral de residuos sólidos urbanos (RSU), que ten como obxectivo resolver os problemas sanitarios e ambientais que xera a acumulacións de residuos. O proxecto será financiado en dúas anualidades, a primeira delas por importe de 77.909 euros con cargo aos orzamentos deste ano e a segunda de 155.819 euros correspondente ao exercicio de 2008.

O proxecto inclúe a eliminación dos vertedoiros de Folgoso do Courel e Sobredo, ambos sitios no concello de Folgoso do Courel. As obras previstas consistirán na recolocación dos residuos do vertedoiro, o seu compactado e acondicionamento para proceder á súa selaxe na zona habilitada para tal fin e o peche da zona.

Para a clausura dos vertedoiros realizarase unha selaxe inferior dos residuos e unha selaxe da superficie superior cun sistema de varias capas, ademais das obras de drenaxe, evacuación de lixiviados e control de gases. Así mesmo, realizarase a revexetación da zona e establecerase un programa ambiental con controis periódicos para determinar a efectividade das obras. O prazo de execución destas actuacións é de tres meses.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE ACOMETERÁ A CONSTRUCCIÓN DE TRES ILLAS DE CONTEDORES SUBTERRÁNEOS NO CONCELLO DA CORUÑA, CUN INVESTIMENTO DE CASE 150.000 EUROS

- A instalación destes novos colectores subterráneos súmase ás 16 realizadas ao longo deste ano e a outras 14 que están actualmente en fase de execución

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible investirá 149.804 euros na construción de tres illas de contedores subterráneos que se instalarán no municipio da Coruña, despois de que o Consello da Xunta autorizase hoxe a colaboración entre a administración autonómica e local para acometer o proxecto.

Os novos contedores colocaranse nas rúas Barrera, San Nicolás e na praza do Humor, no municipio coruñés, e incluírán un sistema de recolla de carga traseira para os residuos orgánicos e envases lixeiros, e de carga con guindastre para o vidro e papel. Esta actuación está incluída no programa que está a desenvolver a Consellería de Medio Ambiente para a instalación de contedores subterráneos en distintos concellos de Galicia.

Así, as tres illas de contedores que se instalarán no municipio da Coruña súmanse ás 16 que foron realizadas no que vai de ano nos municipios de Cerceda e Santiago de Compostela, na mesma provincia; en Carballeda de Avia, Petín e Ribadavia (Ourense); en Pedrafita do Cebreiro (Lugo); e en Vigo (Pontevedra), e que supuxeron un investimento total de 960.800 euros.

A estas habería que engadir os proxectos que actualmente están en fase de execución para a instalación de 14 novos contedores nos concellos do Carballiño (Ourense), Cariño e Santiago (A Coruña), Cervo e Monforte de Lemos (Lugo) e O Porriño (Pontevedra) e nos cales o investimento previsto é de 755.890 euros.

O proxecto para a instalación das tres illas de contedores no concello da Coruña ten un prazo de execución de tres meses, e implicará a realización de obras para o movemento de terras, construción do foso, instalación dos contedores acondicionado e sinalización.



O GOBERNO GALEGO INVESTIRÁ 1,3 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN DA NOVA ESTACIÓN DE BOMBEO DE BENS (A CORUÑA)

- Esta obra ten como obxectivo solucionar os problemas de verteduras detectados na cala de Bens debido á incapacidade do bombeo actual
- O proxecto, que ten un prazo de execución de seis meses, será financiado na súa totalidade con cargo aos orzamentos do organismo autónomo Augas de Galicia

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, realizará un investimento de 1.326.119 euros para a construción da nova estación de bombeo de Bens (A Coruña). O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración entre o departamento que dirixe Manuel Vázquez e os concellos de Arteixo e A Coruña para executar este proxecto.

Esta actuación, que ten un prazo de execución de seis meses, financiarase con cargo aos orzamentos de Augas de Galicia, en dúas anualidades, mentres que o Concello da Coruña cedeu os terreos para a instalación da nova estación. O obxectivo deste proxecto é solucionar os problemas de verteduras na cala de Bens, debido á incapacidade do bombeo actual para facer fronte ao caudal de residuais que chegan.

A mellora e ampliación das estacións de bombeo de Arteixo, Bens e Sabón é un proxecto que forma parte do Plan de saneamento de Galicia 2000-2015, mediante o cal se realizou un investimento de 3,4 millóns de euros para a primeira fase de saneamento. Tras realizar esta obra continuaron producíndose verteduras na cala de Bens debido á incapacidade do bombeo instalado, polo que, tras unha avaría na máquina de bombeo, Augas de Galicia encargou a redacción dun proxecto para esta nova estación de bombeo.

Obras

O proxecto para a construción da nova estación de bombeo incluírá a instalación do edificio da estación, así como dun tubo de acometida, de 77,5 metros de lonxitude e 630 milímetros de diámetro; un tubo de impulsión de 179,6 metros de lonxitude e 700 milímetros; un tubo de alivio de 272 metros e 630 milímetros, e a instalación de catro bombas eléctricas cunha potencia de 45 kilowatios cada unha delas.



TRABALLO AMPLÍA EN MÁIS DUN MILLÓN DE EUROS O ORZAMENTO PARA A POSTA EN MARCHA DE ACCIÓNS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E BUSCA DE EMPREGO

- As accións subvencionadas e promovidas polo departamento que dirixe Ricardo Varela están dirixidas ás persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se procede á ampliación do orzamento para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego. Así, o Goberno galego destina un orzamento de máis 10 millóns de euros. A ampliación deste presuposto responde á demanda por parte das entidades e beneficiarios destas actividades de información, orientación e busca de emprego.

Segundo se recolle na orde, estas accións poderán executarse ata o 31 de marzo de 2008, pero deberán iniciarse antes do 31 de decembro de 2007.

Os beneficiarios destas axudas son as universidades públicas, as corporacións locais, as confederacións e asociacións empresariais e sindicais de Galicia, e as entidades especializadas en atención a determinados colectivos. Os beneficiarios das accións poderán ser todos os demandantes inscritos no Servizo Público de Emprego (SPE).

Os criterios que se establecen á hora de avaliar a adxudicación destas axudas son acreditar experiencia no desenvolvemento deste tipo de actuacións, desenvolver de forma habitual e ordinaria tarefas de información e orientación profesional e laboral como actividade non lucrativa, así como outras medidas de carácter ocupacional complementarias para que os demandantes logren a súa inserción ou mellora da empregabilidade.

A Consellería de Traballo establece axudas para dous tipos de proxectos: o programa de información profesional e o programa de orientación laboral e busca de emprego. Os centros colaboradores ou o Servizo Público de Emprego levarán a cabo accións, dentro de ambos os programas, coa finalidade de proporcionar información a cada usuario, renovar ou modificar o currículo. Tamén procederán ao tratamento da demanda, é dicir, realizarán unha entrevista individual e personalizada, a comprobación e validez dos datos do usuario e introdución na base de datos do SPE.

Outro dos obxectivos destes programas é a captación de ofertas de traballo, polo que se porán en contacto co empregador, recollerán o perfil profesional das prazas



vacantes e remitirán a información á oficina de emprego correspondente para a tramitación da devandita oferta de emprego.

Tamén se poderán desenvolver accións colectivas dirixidas á adquisición das capacidades básicas que lles permitirán aos demandantes artellar itinerarios activos e eficaces na busca de emprego.

As axudas que se promoven estarán destinadas a sufragar os gastos derivados das retribucións totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, por todos os traballadores que executen as accións de información, orientación e busca de emprego.

O CONSELLO CONSULTIVO RECIBIU EN 2006 UN TOTAL DE 1.001 EXPEDIENTES PARA DITAMINAR

- En relación ás materias sobre as que se solicitou ditame, 38 foron de carácter xeral, 961 de actuación administrativa e 2 de consultas de disposicións xerais

O Consello da Xunta foi informado hoxe da Memoria de Actividades do Consello Consultivo de Galicia, correspondente ao ano 2006. O informe recolle que durante o período comprendido entre xaneiro e decembro de 2006 se solicitou o parecer do Consello Consultivo de Galicia en relación con 1.001 expedientes, correspondendo 999 a ditames preceptivos e 2 a consultas.

En relación ás materias sobre as cales se pediu o ditame do Consello, 38 foron de carácter xeral, 961 de actuación administrativa e 2 foron consultas sobre actuación administrativa ou disposicións xerais.

No que se refire ás procedencias dos 1.001 ditames, sinalase que 833 proviñeron da Administración autonómica; 163 da Administración local e 5 da Administración universitaria.

En relación á Administración autonómica, indícase a continuación o cadro detallado dos departamentos que solicitaron ditames:

Administración autonómica	
Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar	7
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	14
Consellería de Economía e Facenda	3
Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes	108
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria	7
Consellería de Innovación e Industria	5
Consellería do Medio Rural	32
Consellería de Cultura e Deporte	6
Consellería de Sanidade	145
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible	483
Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos	11
Consellería de Traballo	5
Consellería de Vivenda e Solo	1
Portos de Galicia	6
Total	833

En canto ás conclusións ou sentido final dos ditames, o informe revela que en 845 casos foron favorables, que en 106 foron desfavorables e que 6 están

pendentes. Ademais, 37 dos expedientes examinados foron acordos de devolución, 5 foron devoltos e 2 remataron en outros termos. Un total de 738 destas resolucións foron comunicadas aos órganos solicitantes e 263 non se comunicaron.

Sínálase, así mesmo, que 7 dos expedientes foron tramitados polo trámite de urxencia, que, como mínimo, acurta á metade o prazo xeral dun mes establecido para a emisión dos ditames. Concretamente, 4 destes expedientes corresponden a proxectos de decretos, un a unha revisión de oficio, outro a un contrato administrativo e outro a unha reclamación de responsabilidade patrimonial.

Actividade desde 1996 ata 2006

Este ano realizouse tamén unha nova edición dos ditames emitidos ao longo de 2006, que se distribuíu de forma gratuíta entre entidades públicas e privadas do máis variado ámbito de actuación.

O documento dá conta dos informes e ditames realizados por este organismo nos últimos once anos.

Ano	Número de ditames
1996	110
1997	168
1998	266
1999	332
2000	566
2001	814
2002	819
2003	929
2004	768
2005	921
2006	1.001

Destes datos depréndese que a actividade consultiva deste órgano medrou neste período un 910%, o que supuxo unha atención e dedicación dos medios humanos e materiais igualmente crecentes.

Cabe lembrar tamén a información publicada na páxina web do Consello Consultivo de Galicia (www.ccg Galicia.com), posta en marcha en 2002. Esta páxina ofrece a posibilidade de consultar os ditames emitidos desde o ano 1996. Ademais, a páxina web tamén presenta información xeral referida á entidade, á organización, á sede, aos servizos e aos enderezos de interese.



A CPTOPT INVISTE MÁIS DE 3,7 MILLÓNS DE EUROS EN OBRAS DE EMERXENCIA NA CORUÑA, LUGO E PONTEVEDRA

- Política Territorial cumpre co informe presentado hoxe co preceptivo trámite administrativo ante o Consello da Xunta

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia de obras de reparación acometidas en pontes, estradas e camiños de titularidade municipal en concellos da Coruña, Lugo e Pontevedra que se viron afectados polas choivas de outubro e novembro, ademais de actuacións tanto de obras como de redacción de proxectos técnicos en varias estradas de titularidade autonómica das provincias da Coruña e de Pontevedra. A estas actuacións destináronse máis de 3,7 millóns de euros, que se engaden ás obras tamén de emerxencia das cales xa se deu conta en anteriores reunións do Consello da Xunta.

As obras declaradas de emerxencia pola CPTOPT das que hoxe se deu conta inclúen 16 actuacións en 10 concellos:

- Vilaboa: reparación do camiño local de Cardiña-Camiño do Xuíz, reparación do camiño municipal de Cardiña-Aguiunchos, reparación do pontón e camiño municipal adxacente da Cardiña, reparación do camiño local de Cardiña-Ponte Salgado e reparación da estrada de Cardiña-As Meáns, no cruzamento sobre o Rego da Vella.
- Tomiño: reparación do camiño municipal de Cimadevila da parroquia de Tebra
- Oia: reposición da ponte na Serra Seca-Viladesuso
- Campo Lameiro: reparación do camiño municipal de Gargallóns, en Fragas
- Cotobade: reparación do camiño municipal da Atalaia en Viascón e reparación do camiño municipal da Bouza, Viascón
- Baoina: mellora da permeabilidade da estrada PO-552 en Sabarís
- Moraña e Barro: pavimentación da estrada PO-226
- Dumbría: construción da ponte no acceso a Berdeogas-Sábade, reconstrución da ponte en Canelas e reposición de obra de fábrica en Olveira
- Corcubión: reconstrución de muro e acondicionamento do contorno da casa da cultura
- Guitiriz: reconstrución dunha ponte na rede local de estradas



Esta é a décimo primeira reunión do Consello da Xunta na que a CPTOPT dá conta de obras de emerxencia. Ata o de agora estas actuacións suman un investimento total de máis de 17,2 millóns de euros destinados a reparacións tanto de estradas de titularidade autonómica como municipais.